

**ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA (EXTRAORDINARIA) DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 27 DE XULLO DO 2023
(Eleccións Municipais celebradas o 28 de maio de 2023)**

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: _____
---	--

De conformidade co regulado no artigo 112 do R.D. 2568/86, regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, **a Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva** dentro dos dez días seguintes ó que o Alcalde designase os membros que a integran.

Reúnense no Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día vinte e sete de xullo do dous mil vinte e tres, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión constitutiva e extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- PUNTO ÚNICO.- CONSTITUCIÓN FORMAL DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

De conformidade co regulado no artigo 112 do R.D. 2568/86, regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, **a Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva** dentro dos dez días seguintes ó que o Alcalde designase os membros que a integran, salvo que a Xunta Electoral indique novo prazo por circunstancias excepcionais.

O Alcalde da conta á Xunta de Goberno Local do seguinte decreto de Alcaldía:



1.-Decreto de nomeamento de membros de Xunta de Goberno Local, periodicidade de sesións ordinarias e delegación de competencias, de data 14 de xullo de 2023, que se transcribe:

"DECRETO DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PERIODICIDADE DE SESIÓNS ORDINARIAS, E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE DATA 14 DE XULLO DE 2023:

VISTA a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e logo de proceder o día 7 de xullo de 2023 á constitución da nova Corporación Local, en virtude do disposto nos artigos 20.1.b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 65 da Lei 5/97, 22 de xullo, Administración local de Galicia, artigo 46 do RD Lex 781/86 Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local e os artigos 35.2 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

VISTO o regulamento orgánico municipal (aprobado polo Pleno da Corporación na Sesión Extraordinaria realizada o día 7 de febreiro de 2012, BOP nº 74 de 19 de abril de 2012);

Esta Alcaldía

RESOLVE:

PRIMEIRO:-Nomearmembros da Xunta de Goberno Local ós seguintes concelleiros e concelleiras:

1.- Vicente Mariño de Brício
2.- Francisco Suárez-Puerta Colomer
3.- Xabier Vidal Peón
4.- Herminia Pouso Maneiro
5.- Genoveva Betanzos Fernández
6.-Fernando Abrales Pérez
7.-Juan Luis Furones Ramos

SEGUNDO:-A Xunta de Goberno Local celebrará **sesións ordinarias** cunha periodicidade semanal, **os xoves ás 14.00 h.**, en aplicación do regulado no artigo 112 do R.D. 2568/86, 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o regulamento orgánico municipal.

Se é festivo, poderase adiantar ou atrasar a data sen que exceda de un día.

TERCEIRO:- Celebrará sesión constitutiva dentro dos dez (10) días seguintes a aquel no que se designasen os seus membros.

CUARTO:-En base ó regulado nos artigos 21,3º e 23,2º da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e o artigo 43,2º, 114 e seguintes do RD. 2568/86, regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, artigo 65 da L 5/97 de Administración local de Galicia, e o regulamento orgánico municipal, corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias que se delegan a través da presente resolución:

- Licenzas de obra maior.
- Licenzas de primeira ocupación.
- Licenzas de segregación.
- Licenzas de parcelación.
- Licenzas de actividade e apertura.
- Autorización de vaos.
- Autorización dominio público.
- Resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial.
- Resolución de expedientes de disciplina urbanística e expedientes sancionadores correspondentes.
- Aprobación de proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- Aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno.
- Aprobación dos instrumentos de xestión urbanística.



- Aprobación dos proxectos de urbanización.
- Emisión de informes municipais requiridos por normativa sectorial, salvo que correspondan ó Pleno.
- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- Vista a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, se delegan as competencias que corresponden ó Alcalde segundo esta lei: as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin o porcentaxe indicado, referido a los recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, coa excepción da aprobación e disposición do gasto dos contratos menores de obras servizos e subministracións, con arranxo ao 118 da Lei 9/2017.

Asemade corresponde ó alcalde a adxudicación de concesións sobre bens da entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor non supere o porcentaxe nin a contía indicados.

- En materia de subvencións concedidas polo concello:

- 1.-En caso de achegas sometidas ao principio de libre concorrência: a aprobación das convocatorias públicas, independentemente do importe destas, así como a distribución individual das achegas que se concedan ao abeiro das mesmas.
- 2.-En caso de achegas nominativas: a súa autorización e concesión, independentemente do importe destas, e sempre que esta non estea reservada ao pleno.
- 3.-En ambos casos: a aprobación das xustificacións presentadas polos beneficiarios.

QUINTO. Notificar persoalmente a presente resolución aos/as designados/as, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución polo alcalde [se nela non se dispuxese outra cousa].

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [endereço <https://www.ribeira.gal>].

SEXTO:- Dese conta ó Pleno na primeira sesión que celebre e notifíquese ás persoas interesadas.

O que resolvo e asino, ante mín, o secretario da Corporación, na data da súa sinatura dixital.

O alcalde-presidente
Asdo. Luis Antonio Pérez Barral

O secretario xeral
Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle"

A Xunta de Goberno Local queda enterada dos decretos transcritos e, de conformidade con eles, se considera formalmente constituída a Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira de conformidade co regulado no artigo 112 do R.D. 2568/86, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

